



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL CON CARÁCTER URXENTE DUN PEÓN PARA TRABALLOS DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS (TRAIDAS DE AUGA E OUTROS) E ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a contratación laboral temporal con carácter urxente dun peon para traballos de mantemento de infraestruturas municipais (traídas de auga e outros) e de espazos públicos municipais cunha duración máxima de 90 días naturais.

A xornada será parcial, de 20 horas semanais.

SEGUNDA.- Funcións

As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias do citado posto de traballo de peón de mantemento de infraestruturas municipais e espazos públicos municipais.

TERCEIRA.- Requisitos dos/as aspirantes

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que se inicie o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con algunha discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes.





Concello de Oza-Cesuras

Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión de carné de conducir clase B.

f) Estar en posesión do título de certificado de escolaridade, de graduado escolar, ESO, ESA, ciclo medio de formación profesional.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión ou en condicións de obtela, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, da credencial que acredite a súa homologación.

e) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. Os anteriores requisitos haberán de reunirse con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación das solicitudes ou instancias para tomar parte nos correspondentes procesos selectivos

CUARTA.- Solicitud dos aspirantes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas





Concello de Oza-Cesuras

(LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

1. O prazo para a presentación de solicitudes será ata as **14 horas do vindeiro venres 3 de xullo de 2026** no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, en horario de 9:00 a 14:00, ou ben telemática na sede electrónica do Concello de Oza- Cesuras, con certificado dixital.

2. As persoas interesadas terán á súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude.

A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

3. A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

- a) Fotocopia auténtica ou cotexada do DNI ou documento correspondente ao país da UE
- b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- c) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- d) Carné de conducir clase B.
- e) Documentación acreditativa de posuír a titulación esixida.
- f) No seu caso, acreditación dos méritos indicados na base 7ª das presentes ao obxecto da súa valoración: orixinais ou copias dos xustificantes da experiencia laboral (contratos de traballo, de constar neles a dita experiencia ou certificado expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto con informe de vida laboral) e, no seu caso, acreditación





Concello de Oza-Cesuras

dos cursos de formación mediante título oficial expedido, ou no seu caso certificación expedida polo organismo competente, xa que non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles servizos nin cursos de formación que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

Os interesados se responsabilizarán da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Asimesmo, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en que momento foron presentados.

QUINTA. Admisión das persoas aspirantes

1. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditara resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

SEXTO.- Tribunal seleccionador

O Tribunal seleccionador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral municipal) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras ou persoa en quen delegue as súas funcións.

Todos os membros do tribunal deberán posuír un nivel de titulación equivalente ao obxecto de convocatoria.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do secretario.





Concello de Oza-Cesuras

SÉTIMA.- Criterios de selección.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- **Experiencia laboral:**

Por servizos laborais prestados como peón: Ata **2,00 puntos** (realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes)

- o Nos antigos Concellos de Oza dos Ríos e Cesuras ou no fusionado de Oza-Cesuras: 1 punto por mes completo.
- o Noutros Concellos: 0,60 puntos por mes completo.
- o Noutras administracións públicas: 0,40 puntos por mes completo.
- o No sector privado: 0,20 puntos por mes completo

- **Proba práctica:**

Consistirá na realización de diversas tarefas e actividades de mantemento de infraestruturas e espazos públicos.

A proba práctica cualificarase de 0 a 5 puntos e será necesario para superala un mínimo de **2,50 puntos**.

- **Proba oral:**

Entrevista persoal sobre coñecemento do municipio e cuestións relacionados coas tarefas a desenvolver: Ata un máximo de **3,00 puntos**.

A experiencia laboral deberá ser acreditada con orixinais ou copias auténticas ou cotexadas dos correspondentes contratos laborais e informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións públicas.

Os méritos alegados polos concursantes deberán ser acreditados por documentos, orixinais ou copias auténticas ou cotexadas, expedidos polos organismos ou entidades competentes.

A experiencia non acreditada desta forma non será tida en conta.





Concello de Oza-Cesuras

Toda a documentación acreditativa da experiencia profesional deberá acompañar á instancia ou solicitude.

No suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que o candidato reúna os requisitos esixidos, non será precisa a realización de proceso selectivo.

8.- Selección

Seleccionarase á persoa que obteña maior puntuación. Para estes efectos, unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello, e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numericamente, a relación ou listaxe de candidatos e elevará a dita relación, xunto coa proposta de contratación á Alcaldía para os efectos de formalizar o correspondente contrato laboral.

9.- Documentación

A persoa aspirante proposta para formalizar o contrato laboral, deberá presentar nun prazo máximo de dous días naturais dende que se lle comunique que resultou seleccionado, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da Tarxeta Sanitaria ou número da Seguridade Social.

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

10.- Contratación

Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá mediante o correspondente decreto a acordar a contratación do persoal laboral temporal.





Concello de Oza-Cesuras

11.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección poderá resolver todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e adoptar os acordos que resulten procedentes, os cales se publicarán na páxina web do Concello de Oza-Cesuras (www.concellodeozacesuras.es).

DÉCIMA.- Réxime xurídico

O contrato laboral rexerá polo Estatuto dos Traballadores e pola normativa de réxime local.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,
José Pablo González Cacheiro

